



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE BÁDMINTON PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2015

En Santiago de Compostela, a 2 de marzo de 2015

REUNIDOS

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. Rodrigo Sanjurjo Pose, Presidente da Federación Galega de Bádminton, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos seus estatutos federativos.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*.
- II. A *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* regula no seu artigo 51.1 as federación deportivas galegas, configurándose estas coma entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación que se estende á Comunidade Autónoma.





Segunda.- Financiamento e importe da axuda

Ao fin de cumprimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concede á Federación Galega de Bádminton unha subvención por un importe total de setenta e un mil trescentos trinta e dous euros, (71.332,00 €), imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.
Anualidade 2015: 71.332,00 €

O importe anterior destinarase ás distintas liñas de actuación que se recollen e identifican no anexo I do presente convenio. A contía correspondente ao programa "Gastos Xerais", non poderá ser superior ao vinte e cinco por cen (25%) do total da subvención concedida.

Terceira.- Concorrencia con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten no seu Anexo I, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo de ditas actuacións obxecto da presente subvención.

A estes efectos, a Federación aportará, nos momentos da firma do presente convenio e da xustificación do segundo pago (contemplado na cláusula 6ª do presente convenio), sendas declaracións responsables das outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo II)

Cuarta.- Criterios

4.1. O importe económico fixado neste convenio resulta da aplicación dos seguintes criterios.

A. Tempada anterior. Análises técnico da derradeira tempada finalizada

A.1. Categoría olímpica ou non olímpica
Deporte olímpico de verán





Esixirase formar parte da convocatoria de algún partido oficial do campionato. En Mundiais e Europeos será necesario más de 15 deportistas participantes na proba, de ser 15 ou menos so se puntuarán os tres primeiros postos.

A.9.1. Internacionais:

Campionato do Mundo en categoría absoluta

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado
- 4º/5º clasificado
- 6º/7º clasificado
- 8º/10º clasificado

Campionato do Mundo en categorías inferiores

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado
- 4º/5º clasificado
- 6º/7º clasificado

Campionato de Europa en categoría absoluta

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado
- 4º/5º clasificado
- 6º/7º clasificado
- 8º/10º clasificado

Campionato de Europa en categorías inferiores

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado
- 4º/5º clasificado
- 6º/7º clasificado

A.9. 2 Nacionais

Campionato de España en categoría absoluta

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado

Campionato de España en categorías inferiores

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado

Campionato de España por autonomías en categoría absoluta

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado

Campionato de España por autonomías en categorías inferiores

- 1º clasificado
- 2º clasificado
- 3º clasificado





B.4. Programación do deporte base en 2015 (Non incluído no programa Xogade) Ata a categoría previa a absoluta, no incluída.

- B.4.1 Actividade competitiva
 - Estimación nº de participantes
 - Nº de xornadas
- B.4.2 Actividade no competitiva
 - Estimación nº de participantes
 - Nº de xornadas

B.5. Programa de Tecnificación deportiva para o ano 2015.

- B.5.1. Fora do Centro galego de Tecnificación deportiva, en adiante CGTD
 - Nº de deportistas no programa
 - Nº de persoal técnico federativo
- B.5.2. Dentro do CGTD
 - Nº de deportistas
 - Nº de deportistas con tres o máis anos en el centro.
 - Nº de adestradores

B.6. Programa de alto rendemento deportivo 2015.

- B.6.1. Fora do CGTD
 - Nº de deportistas
 - Nº de persoal técnico federativo
- B.6.2. Dentro do CGTD
 - Nº de deportistas
 - Nº de adestradores

B.7. Actividades non competitivas en 2015 non contempladas nos apartados anteriores.

- B.7.1. Estimación número de participantes
- B.7.2. Nº de xornadas

B.8 Proxecto Olímpico (grupo de deportistas con opcións).

- B.8.1. Número de técnicos contratados para este programa
- B.8.2. Número de deportistas beneficiarios deste programa
- B.8.3. Proxecto deportivo 2015 (actividade deportiva prevista e presuposto) e avance previsión de 2016 de cada deportista incluído neste programa.

B.9. Deporte base. Programa Xogade - organización de eventos e/ou competicións deportivas

- B.9.1. Programación actividade escolar (Nº de eventos/competicións organizadas)
- B.9.2. Programación actividade federada (Nº de eventos/competicións organizadas)
- B.9.3. Gastos de arbitaxes previstos para 2015
 - No programa da actividade escolar Xogade
 - No programa da actividade federada Xogade





Quinta.-Obrigas da Federación

5.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que se lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas no presente convenio, son obrigas da Federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia* -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro-; en concreto:

- a. Executar a actividade que se acompaña como Anexo I.
- b. Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ó efecto das actuacións de comprobación e control.
- d. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas polo presente convenio. Dita comunicación efectuarase conforme aos termos establecidos na cláusula cuarta
- e. Acreditar estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de suscripción do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.
- f. Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- g. Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en tódalas comunicacións, presenzas publicitarias e medios de comunicación da Federación, así coma nos que esta estea presente, incluíndo internet, así como nas fichas deportivas, pancartas, lugares de competicións oficiais e demais eventos da súa modalidade deportiva, etc. Asemade o vestiario deportivo oficial das seleccións galegas deberá conter as cores representativas de Galicia, debendo aterse ao manual corporativo que facilitará a Secretaría Xeral para o Deporte.





Auditorías aprobado ao comezo do exercicio pola Secretaría Xeral para o Deporte, deberán presentar dito informe no prazo establecido.

- c. Acreditará, no momento da firma, a través do Anexo V do presente convenio e mediante certificación do Secretario co visto bo do Presidente da Federación, a vixencia das normas de bo goberno federativas, subscritas con motivo da resolución do 8 de setembro de 2009 da Secretaría Xeral para o Deporte ou normativa que a substitúa, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
- d. Comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, con a lo menos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo

Sexta.- Pagamento.

6.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a. Un primeiro pago, de ata un máximo do cincuenta por cento (50%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.
- b. Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite 30 de xuño de 2015. De non ter xustificado o primeiro anticipo na data sinalada, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará o segundo pago, sen posibilidade de ser tramitado con posterioridade, o cal supón a perda da contía correspondente ao segundo pago por parte da federación beneficiaria deste convenio e abrirase o procedemento para solicitar o reintegro do anticipo abonado.
O segundo pago xustificarse antes do 31 de decembro de 2015.

6.2. Para a realización dos correspondentes ingresos, e no momento da subscripción do convenio, a Federación aportará á Secretaría Xeral para o Deporte unha certificación da conta bancaria, na que conste o IBAN, onde se efectuarán os mesmos.





- a. Memoria da actividade realizada, segundo modelo dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral.
- b. Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

7.2. Normas de aplicación á xustificación dos custos laborais.

A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custes laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custes laborais os consistentes nas remuneracións realizadas ós traballadores da Federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), sendo estes gastos ós únicos que se poderán achegar ós efectos de xustificación da presente subvención.

Non obstante o establecido no punto anterior, e para o único caso do persoal federativo ó que se fai referencia nas letras b. e c. do parágrafo seguinte, poderán ser tamén presentadas como xustificación da subvención as percepcións salariais consistentes en gastos de locomoción e dietas de viaxe, pluses de distancia e conceptos similares.

- b) Os custes laborais unicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
 - a. No ámbito do programa "Gastos xerais de funcionamento": os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
 - b. No ámbito do programa "Tecnificación": os custes laborais correspondentes a técnicos, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- c) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da Federación, co visto e prace do Presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio.



- e. Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax); seguros, mantemento e reparacións dos vehículos federativos.
- f. Comunicacións: páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería.
- g. Seguros da sede e de responsabilidade civil.
- h. Gastos bancarios: Gastos póliza créditos ponte.

b) No programa "Actividade deportiva e competitiva ordinaria":

- a. Material deportivo para competicións (non inventariable).
- b. Equipación seleccións (Roupa, equipaxes).
- c. Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.
- d. Gastos en licenzas extraordinarias.
- e. Gastos por desprazamentos, manutención e aloxamento de técnicos, delegados, árbitros e representante federativo de acordo cos importes equivalentes establecidos nas normas da Administración Autonómica para o grupo II, acompañado da xustificación federativa da necesidade de dito gasto e o obxecto/causa do mesmo.
- f. Gastos por desprazamentos, manutención e aloxamento de deportista/as sempre e cando se xustifique debidamente a presenza e os gastos dos mesmos, a través das facturas correspondentes.
- g. Gastos de organización ou colaboración en competicións: arbitaxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, etc.
- h. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva así como os gastos das embarcacións necesarias durante dita práctica.

c) No programa de "Tecnificación e Rendemento": Os gastos xustificados farán referencia ao grupo de deportistas vinculados a estes programas, comprendéndose os seguintes gastos:

- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc). Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos estamentos deportivos e mesmos niveis laborais ou deportivos.

No obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a





motivación escrita da Federación autorizada pola Secretaría, os seguintes gastos:

- a) Material de publicidade e propaganda.
- b) Premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- c) Axudas económicas a deportistas. Poderase excepcionalmente aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas axudas deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- d) Axudas económicas a entidades. Poderase excepcionalmente aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.
- e) Gastos de relacións públicas.
- f) Publicacións propias (anuario, revistas, etc.).
- g) Compra de bens destinados á venda.
- h) Outros gastos sociais.
- i) Atencións persoais.
- j) Gastos en galas ou celebracións.
- k) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- l) En relación ás dietas, en ningún caso se poderán orzamentar gastos contra esta subconta, cando xa se tiveran cuberto os gastos de aloxamento e alimentación.
- m) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- n) Os billetes emitidos e non utilizados.
- o) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, mini bar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.
- p) Imposto sobre sociedades.
- q) Diñeiro en metálico a conta.

Décima.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:





Décimo terceira.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consinte a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/ 2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/ 2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

En proba de conformidade asíñase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

O Presidente da Federación Galega de Bádminton

Rodrigo Sanjurjo Pose





Convenio coa Federación Galega de BÁDMINTON

ANEXO I

ANUALIDADE 2015

PROGRAMA	TOTAL
Gastos Xerais de Funcionamento	15.249 €
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	18.048 €
Programa de Tecnificación	37.035 €
Outros proxectos de especial relevancia - Cpto. España sub 11 y absoluto	1.000 €
TOTAL:	71.332 €





ANEXO III

DECLARACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL



Don/Dona _____
presidente/a da Federación Galega de _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que esta Federación está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten ningún pagamento pendente coa Administración da Comunidade Autónoma.

O que asino,

En _____ a _____ de _____ de 2015



ANEXO V

CUMPRIMENTO NORMAS DE BO GOBERNO

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

O cumprimento das normas de bo goberno federativas subscritas con motivo da resolución do 8 de setembro de 2009 da Secretaría Xeral para o Deporte ou por calquera outra que a modifique ou substitúa .

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2015

O Secretario

Visto bo do Presidente